

¿CÓMO FACER A INSCRICIÓN?

1

XA TEÑO USUARIO EN BOSCONNECTA: se o ano pasado xa se usou Bosconnecta, xa tes o usuario creado, así que soamente tes que ir á túa **Área privada** e no “calendario” ou “actividades” sairá a actividade para apuntarse neste curso.



Área
privada

2

SON NOVO!: se se empieza este ano en Ateibo, ou o ano pasado non se chegou a utilizar Bosconnecta, primeiro débese encher o **formulario** de inscrición para poder ter un usuario.

1. Cubrir o formulario de inscrición do QR
 - Non autocompletar porque pode dar erro!!
2. Esperar a que sexan validados os datos (intentarase facer o máis rápido posible).
3. Chegará un correo coas claves.
4. Accede á área privadas e en “actividades” ou “calendario” sairá a actividade para apuntarse



Formulario

Asociación Xuvenil

Ateibo



Contigo desde 1989



Quen somos?



Ateibo é unha Asociación Xuvenil salesiana de Lugo, que leva dende 1989 educando dende o Tempo Libre aos rapaces e rapazas de tódalas idades, invitándoos/as a formar parte dun grupo co que se poidan identificar e medrar en clave salesiana.

En Ateibo participa un equipo de animadores/as voluntarios/as, coa misión de acompañar aos/as destinatarios/as no seu proceso de crecemento e maduración persoal. Formamos parte do Movemento Xuvenil Salesiano.

Que facemos?

En Ateibo poderás atopar moitas actividades durante todo o ano, adaptadas a tódalas idades: Xogos, rastrexos, xincanas, xogos deportivos, cooperativos e de roles, saídas, obradoiros, manualidades, acampadas, xuntanzas, campamentos, excursións, celebracións e festas e outras actividades educativas en valores humano-cristiáns que disfrutaremos todos/as xuntos/as.

Presentámonos!



Para máis información...
visita a nosa web



Saltimbanquis: grupo para nenos/as de 6 a 8 anos (1º a 3º de EP). Os venres de 16:30 a 18:30 h. .



Andaina: grupo para rapaces e rapazas de 8 a 12 anos (4º a 6º de EP). Os venres de 16:30 a 18:30 h.



ADS: grupo para rapaces e rapazas de 12 a 14 anos (de 1º e 2º da ESO). Os venres de 16:30 a 18:30 h. .

Grupos xuvenís: grupos de rapaces/as dende os 14 anos (Ados: 3º e 4º da ESO; Xuventude: a partires de 1º de BACH). Dinámicas experienciais sobre temas actuais, debates, diálogo, convivencias, campañas de solidariedade, excursións, acampadas, xuntanzas, celebracións, Pascua xoven, campamentos... Cada grupo pacta o seu horario de reunión.



Sala Moza: espazo de encontro e portas abertas con: xogos de mesa, ping-pong, fútbolín, videoconsolas, biblioteca e outras actividades. Para rapaces e rapazas de 12 anos en diante (a partires de 1º de ESO). Horarios por determinar.



Mañás de... Nadal, Entroido, Semana Santa e verán: Actividades nas vacacións do curso escolar. Para nenos e nenas de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria incluídos (de 3 a 12 anos). Teñen un prazo, cota e ficha de inscrición propios.



Prezos

- 55 euros anuais (cota familiar de 80 euros para os que sexan varios irmáns), que se deberán entregar en efectivo aos/as responsables de Ateibo, pagar con TPV físico ou ingresar na conta:
 - ES10 0049 7897 14 2810032804 (Concepto: NOME DO PARTICIPANTE + NOME GRUPO)
- En calquera caso, non queremos que a cota sexa o único impedimento para asistir ás actividades do Centro Xuvenil, fálade connosco para buscar unha solución